

## Misivas de bucaneiros. A correspondencia entre Eugenio Granell e Benjamin Péret

María LOPO

Grupo de Investigación Metodoloxías Integrais  
Universidade de Santiago de Compostela

RESUME: Entre 1942 e 1959 os creadores surrealistas Eugenio Granell e Benjamin Péret mantiveron un diálogo epistolar nado dunha fonda complicidade persoal, ideolóxica e artística, preservado malia todos os exilios. Esta correspondencia, mesmo truncada, presenta un grande interese para a estudo das vangardas artísticas da segunda metade do século XX.

PALABRAS CLAVE: Eugenio Granell, Benjamin Péret, Surrealismo, exilio, correspondencia.

ABSTRACT: Between 1942 and 1959, the surrealist creators Eugenio Granell and Benjamin Péret kept a regular mail dialogue, based on a deep camaraderie that was personal, ideological and artistic. This dialogue was preserved despite exile. Although incomplete, this mail correspondence is of great interest to study the artistic avant-gardes in the last half of the twentieth century.

KEYWORDS: Eugenio Granell, Benjamin Péret, Surrealism, exile, mail correspondence.

A investigación arquivística, tan diversa como múltiple é a natureza da fonte consultada, presenta no caso de arquivos persoais, como o que aquí nos ocupa, unha dimensión humana dificilmente eludible por parte de quen investiga<sup>1</sup>. Neste mesmo sentido, Eugenio Granell (1912, A Coruña - 2001, Madrid) e Benjamin Péret (1899, Rezé - 1959, París) reivindicán na súas obras respectivas a figura do creador integral, no que arte e vida non coñecen compartimentos estancos, na procura dunha nova linguaxe liberadora, en ambos os dous autores a través da *condición* surrealista, tal e como afirma Granell nunhas declaracións recollidas na revista *Médium*: «Je ne sais ni comment, ni pourquoi l'on pourrait séparer la "peinture surréaliste" de la "condition surréaliste"» (*Médium. Communication surréaliste* 1955: 47).

Alén do dato erudito ou documental, esta correspondencia achéganos, pois, a traza humana, dimensión en sintonía cos propios principios surrealistas, que non pode

---

<sup>1</sup> Agradecementos: A Amparo Segarra na memoria, e a Natalia Granell, pola súa xenerosidade e a súa confianza; a Claudio Rodríguez Fer e a Santiago Lopo pola súa colaboración inestimable; a Teresa Taboada e María Pita do equipo da Fundación Granell en Santiago de Compostela, así como a Fatima El Hourd, da Bibliothèque littéraire Jacques Doucet en París, pola súa cordial profesionalidade. Sen eles este traballo non existiría.

senón axudar a un mellor coñecemento da obra de dous creadores fundamentais na vangarda europea do século XX. Nas cartas de Granell e Péret segue viva hoxe a súa amizade transatlántica, nacida e mantida malia todos os exilios e baseada nunha complicidade ideoloxicamente irredutible, artisticamente liberada e persoalmente irreverente. Tan só se viron en dúas ocasións<sup>2</sup>, pero compartiron sen dúbida un mesmo lugar no mundo, onde o humor intelixente, a solidariedade e a memoria servían de coordenadas. Así, Granell adheriu en 1963, o ano da súa fundación, á «Association des amis de Benjamin Péret», que entre outros cometidos, realizou a importante misión de publicar as súas obras completas; igualmente ilustrou algunhas edicións póstumas de ou sobre o autor<sup>3</sup>. Na Fundación Granell, en Santiago de Compostela, consérvanse edicións orixinais dedicadas de Péret; dúas destas dedicatorias manuscritas resumen en certa maneira o *feu central*<sup>4</sup> da súa amizade: «A Eugenio F. Granell / qui a déjà montré ne pas manger DE CE PAIN-LÀ / Son ami / Benjamin Péret»; «A Eugenio F. Granell / du boucanier son ami des îles / Benjamin Péret»<sup>5</sup>.

Desta relación epistolar mantida ao longo de dezasete anos consérvanse trinta e unha misivas; a primeira delas foi enviada por Péret en 1942 e a última foi escrita por Granell tan só tres días antes do repentino falecemento do poeta francés, en setembro de 1959. No arquivo da Fundación Granell consérvanse dezaseis cartas orixinais de Benjamin Péret e catorce borradores de cartas de Granell; na Bibliothèque littéraire Jacques Doucet, en París, consérvase unha carta orixinal de Granell a Péret<sup>6</sup>.

A iniciativa no establecemento do contacto epistolar partiu de Péret, quen encabeza a primeira carta enviada cun «Estimado camarada», e alude ao seu encontro en 1936, durante a Guerra Civil española<sup>7</sup>. A carta foi escrita por Péret dende o seu exilio mexicano; o escritor e a súa compañeira, a pintora Remedios Varo<sup>8</sup>, chegaran a

<sup>2</sup> En 1936 en Barcelona e en 1954 en París.

<sup>3</sup> Benjamin Péret (1965), *Vingt poèmes. Péret's Score*, tradución inglesa e prólogo de J. H. Matthews, París: Minard; Baciú, Stefan (1981), *Presença de Péret* (2ª ed.), Honolulu: Mele.

<sup>4</sup> Benjamin Péret (1947), *Feu Central*, París: K éditeur. Volume tamén dedicado por Péret e conservado na Fundación Granell.

<sup>5</sup> Dedicatorias respectivamente inscritas en *Je ne mange pas de ce pain-là* e *Je sublime* (París: Éditions surréalistes, 1936). *Je ne mange pas de ce pain-là* é o epitafio que figura na tumba de Péret, no cemiterio parisiense de Batignolles.

<sup>6</sup> Sinatura: Ms Ms 34662. A carta de Granell forma parte da importante colección surrealista desta biblioteca, que conta cun Fondo André Breton.

<sup>7</sup> Péret chegou a Barcelona en agosto de 1936, enviado polo trotskista POI (Parti Ouvrier Internationaliste), coa misión de establecer vías de diálogo e de acordo entre o POUM e Trotski (Prévan 1999: 43-4). Granell, membro do POUM, fora destinado a Barcelona nos primeiros meses da guerra; o seu encontro produciuse no Hotel Falcón, nas Ramblas, unha das sedes do POUM (Bonet 1988: 139). Péret permaneceu en España ata finais de abril de 1937, regresando a Francia poucos días antes dos Sucesos de Maio en Barcelona.

<sup>8</sup> Remedios Varo Uranga (1908, Anglés, Girona - 1963, México) estudara pintura na Escola de Belas Artes de Barcelona, onde coñeceu a Esteban Francés e a Gerardo Lizarraga, seu primeiro home, de quen se separou en 1935. Integrante do movemento loxicofobista catalán, a pintora xa establecera contactos cos creadores surrealistas antes do fundamental encontro con Péret na Barcelona de 1936. Remedios Varo acompañou a Péret na súa volta a París en 1937, onde se integrou nas actividades do grupo surrealista, e con el marchou ao exilio mexicano despois dunha difícil etapa semi-

México en decembro de 1941, fuxindo da ocupación alemá de Francia durante a Segunda Guerra Mundial, logo dunha difícil travesía transatlántica (Durozoi 2010: 35). Péret non regresaría a Francia ata xaneiro de 1948.

Con excepción desta primeira carta, mecanografada, o resto das súas misivas, enviadas dende México, París, São Paulo, Río de Janeiro e Saint-Cirq-Lapopie son manuscritas<sup>9</sup>, de extensión moi variada e en papeis de moi diversa procedencia; entre eles figuran unha postal de São Paulo e uns folios coa cabeceira da revista *Médium. Communication surréaliste*, nos que está impresa a circular da expulsión de Max Ernst do movemento surrealista.

Destas dezaseis cartas, datadas entre 1942 e 1957, quince están escritas en español e unha en francés; a escolla lingüística desta última semella motivada pola urxencia coa que foi escrita<sup>10</sup>. Péret falaba moi ben o portugués e o español, linguas de mulleres que amou e que compartiron a súa vida, Elsie Houston<sup>11</sup> e Remedios Varo; cómpre non esquecer que o escritor pasou en total dez anos da súa existencia no continente americano, catro en Brasil e seis en México (Courtot 2010: 11).

Escribe o español cunha gran soltura, malia conservar certos calcos semánticos e sintácticos da lingua francesa, xa que a súa aprendizaxe do idioma non foi académica senón por inmersión lingüística. Jean-Louis Bédouin expón con claridade a relación de Péret coas linguas:

Il parlait remarquablement l'espagnol et le portugais pour les avoir appris, non pour quelques fins scolaires ou littéraires, mais, comme il me le dit un jour lui-même, pour « se sentir dans le coup », pour pouvoir, au Brésil et en Espagne, vivre réellement de la vie des habitants, de la vie de la rue, des cafés, des marchés (Bédouin 1973: 31).

O seu español escrito varía moito ao longo desta correspondencia, sendo fundamentais nestas variacións o lugar e o idioma nos que Péret desenvolve a súa vida cotiá; a lingua semella unha esponxa coa que o poeta absorbe o mundo que o arrodea. Así, na primeira carta, escrita dende México ao inicio da súa estadía naquel país, inmerso nun círculo de exiliados republicanos e convivindo con Remedios Varo, utiliza

---

clandestina na Francia ocupada. Casaron en México en 1946, país no que ela ficou malia a volta a Europa de Péret, a finais de 1947. En 1952 casou con Walter Gruen, político austríaco refuxiado en México, país onde conviviron ata a prematura morte de Remedios, causada por un ataque ao corazón (Vergine 1982: 303-4). Granell escribiu un texto sobre a súa obra: «La selva salvada de Remedios Varo» (Granell 1998: 351-6).

<sup>9</sup> «Il écrivait vite, de cette petite écriture fine, élégante, serrée, qui deviendra de plus en plus fine et petite à mesure qu'il avancera dans la vie» (Bédouin 1973: 65).

<sup>10</sup> Referímonos a carta n.º 7, na que Péret comunica a Granell a detención en España do seu curmán Jaime Fernández por parte da policía franquista.

<sup>11</sup> Soprano brasileira (1902-1943), coa que Péret casou en París o 12 de abril de 1928. Viviron xuntos en Brasil dende febreiro de 1929 ata finais de agosto de 1931, data na que el foi expulsado do país pola súa actividade política revolucionaria. Uns meses antes nacera o seu fillo Geyser, co que Elsie viaxou a París algunhas semanas despois da expulsión de Benjamin. En 1934 produciuse a ruptura e o divorcio. Pasarán 22 anos antes de que Péret se reencontre co seu fillo en Brasil, en 1955. Elsie Houston suicidouse en 1943 (Prévan 1999: 23 *et passim*).

o «tuteo» revolucionario, o español que aprendeu durante a guerra. Co paso do tempo, no seu español comezan a filtrarse modismos mexicanos, como o *usted* que lle fai abandonar o *tú* e que xa utiliza en dúas cartas datadas, tamén en México, en 1946<sup>12</sup>. De regreso a París, a distancia do mundo hispano e a nova instalación nun medio francófono fan que o seu español estea cada vez máis marcado polos xiros e o vocabulario da lingua francesa.

Con todo, e tal e como llo fai notar con humor Granell no borrador dunha carta de 1956, é a súa estancia en Brasil a que máis contribúe a mudar o español de Péret, nunha progresión apreciable de carta en carta, ata chegar a unha interlingua mestiza na que portugués e español conviven a un 50%: «Tu última breve carta venía escrita en un lenguaje hispano-lusitano sumamente interesante desde un punto de vista filológico»<sup>13</sup>.

En canto á correspondencia enviada por Granell, consérvanse unha carta manuscrita e catorce borradores, deles, trece son copias mecanografadas obtidas por medio de papel carbón e unha é un borrador manuscrito, que responde á urxencia da contestación pedida por Péret<sup>14</sup>. A rara presenza de riscos ou de engadidos manuscritos de Granell nestas copias, así como as múltiples referencias cruzadas que atopamos nas cartas de Péret, permiten supoñer que a maioría das copias corresponden ás cartas efectivamente remitidas; de dúas destas misivas gardáronse dous borradores diferentes, con sensibles variantes, que nos fan considerar pertinente a edición das dúas versións.

O feito de ter conservado por regra xeral os borradores da súa correspondencia, contribúe grandemente ao extraordinario valor do Arquivo Granell, pois en poucas ocasións se ten a sorte de asistir, con tantos anos de distancia, a un diálogo epistolar fluído no que, malia as lagoas documentais, se coñezan as propostas e as contrapropostas, as preguntas e as respostas, no que se asista en definitiva á xestación de proxectos e á circulación de ideas e informacións *en tempo real*.

O primeiro borrador conservado foi escrito en Ciudad Trujillo, hoxe Santo Domingo, en 1945. Eugenio Granell e Amparo Segarra chegaran á República Dominicana en 1940 fuxindo, ao igual que Péret et Varo, da Francia ocupada polo nazismo. Esta segunda etapa do seu exilio durará ata 1946, ano no que a represión política trujillista obrigou á familia Granell a abandonar o país, instalándose en Guatemala de 1946 a 1950. Da etapa guatemalteca consérvase unha carta, probablemente depositada na Bibliothèque Jacques Doucet logo do falecemento de Péret. Sintomaticamente, Granell non conservou ningún borrador de cartas escritas dende Guatemala, aínda que sabemos, polas respostas de Péret, que si existiron<sup>15</sup>; as difíciles condicións da saída do país para a familia, que debeu mesmo refuxiarse en diferentes legacións diplomáticas por medo a represalias, explica a ausencia de documentación desta etapa. Porto

<sup>12</sup> Cfr. cartas n.ºs 3 e 4.

<sup>13</sup> Cfr. borrador n.º 21.

<sup>14</sup> Cfr. borrador n.º 12.

<sup>15</sup> Cfr. cartas n.ºs 3 e 4.

Rico dende 1950 e Nova York a partir de 1959 foron para os Granell os destinos dos seus sucesivos traslados antes da definitiva volta a España en 1985. Os borradores conservados foron escritos, todos eles en español, dende Ciudad Trujillo, Río Piedras e Nova York, entre 1945 e 1959. O último deles, datado o 15 de setembro de 1959 e efectivamente enviado, xa non puido ser recibido por Péret; André Breton foi o encargado de responder a Granell, comunicándolle a triste nova do falecemento do común amigo.

Estamos por tanto ante unha correspondencia truncada, feito que tamén axuda a entender a sempre inestable situación do exiliado. Moitas das cartas perdéronse, ben co paso dos anos e os sucesivos traslados dos Granell, ben no momento mesmo do seu envío, isto último por varias razóns. Dunha banda, as perdas poden atribuírse a hipotéticos disfuncionamentos do correo postal nunha época de guerras e posguerras; de feito, pode comprobarse que o correo funciona mellor co transcorrer dos anos: as cartas tardan menos días en chegar, por tanto o intercambio é máis fluído, e os correspondentes deixan de aludir nelas a envíos nunca recibidos. Doutra banda, e probablemente dunha importancia maior, está a censura. Evocada explicitamente nas cartas tanto por Granell como por Péret, a censura estatal é a razón principal de que apenas se conserve correspondencia dos anos pasados por Granell na República Dominicana e en Guatemala, así como da desaparición dos correos enviados por Péret dende Brasil e nunca recibidos por Granell en Porto Rico.

O mesmo Granell narrou en moitas ocasións o sorprendente encontro co seu censor «persoal» nos últimos momentos da estancia dominicana:

Yendo por una estrecha calle del viejo Santo Domingo, de repente me sobresaltó la idea de que alguien me seguía. Volví la cabeza y comprobé que así parecía. Un joven desconocido duplicaba exactamente mi trayecto. Cierto de verme perseguido, me atemorice. Más aún cuando el joven apresuró cautelosamente el paso hasta situarse a mi lado. Me susurró algo que no entendí. Enseguida, muy nervioso, me dijo: «Señor Granell, yo tengo muchas revistas y libros suyos. Trabajo en la censura y me ordenaron destruir su correo. Es lo que hice con las cartas y con algunas publicaciones. Lo que no creí peligroso, está escondido en mi casa... Le pido disculpas». Aquel muchacho me pareció más avergonzado de su acción que temeroso de sus consecuencias. Mencionó a varios de mis correspondientes: Antonio Sánchez Barbudo, Víctor Serge, Jesús Poveda, Vicente Lloréns, Pedro Salinas, André Breton, B. Costa-Amic [...] (Granell 1998: 436)<sup>16</sup>.

A maior intensidade no intercambio epistolar rexístrase dende finais do verán de 1954 ata o inverno de 1956, sendo esta consecuencia de dous feitos importantes na relación entre Granell e Péret. No verán de 1954 Granell viaxou a París para a inauguración dunha exposición persoal na galería À l'Étoile scellée, dirixida por André Breton (Mabin 2008: 300-1)<sup>17</sup>; o catálogo contiña un texto de Péret, «À la hauteur d'un cri», dun gran calado poético e dunha fonda comprensión da figura e da obra creativa

<sup>16</sup> Cfr. igualmente Bonet (1988: 144), Ramoneda (1994: 263), Ruiz (1994: 335).

<sup>17</sup> Do 25 de xuño ao 12 de xullo de 1954.

de Granell<sup>18</sup>. As semanas parisienses contribuíron a afianzar a súa amizade; Granell e Péret comprobaron que se entendían á perfección non só nas ideas, senón tamén no carácter, ambos posuían un gran sentido do humor e pasaron xuntos momentos moi gratos, que serán rememorados na correspondencia. Péret converteuse para Granell no seu principal interlocutor co grupo surrealista parisiense. Posteriormente, a viaxe de Péret a Brasil, en maio de 1955, fai que a *proximidade* continental xunto a un proxecto, finalmente frustrado, dun ciclo de conferencias de Péret na Universidade de Porto Rico, en Río Piedras, contribúan á maior densidade epistolar deste período.

Das dezaseis cartas escritas por Péret, catorce foron publicadas en tradución francesa e unha no seu francés orixinal nas obras completas de Péret<sup>19</sup>; é inédita a carta n.º 11, en realidade unha nota manuscrita na circular de expulsión de Max Ernst. Malia algunhas reproducións facsimilares illadas nos catálogos de Granell<sup>20</sup>, as cartas de Péret nunca foran editadas na súa lingua española orixinal. No que se refire á carta e aos borradores escritos por Granell, o seu conxunto permanecía inédito.

## CRITERIOS DE EDICIÓN

Na presentación da correspondencia mantemos a orde cronolóxica do intercambio epistolar, malia as evidentes lagoas temporais, pois enriquece sen dúbida algunha a súa lectura, ao transmitirnos vividamente a evolución da relación persoal e do diálogo ideolóxico e artístico ao longo dos anos.

O noso obxectivo principal foi facilitar a lectura das cartas efectuando as mínimas intervencións posibles no texto orixinal. Dunha banda, realizouse unha corrección de erros evidentes, tanto nos textos mecanografados como nos manuscritos; unificouse asemade a puntuación, a acentuación e a ortografía, adaptándoas, cando non semellaba significativa, ás normas vixentes na actualidade<sup>21</sup>. Doutra banda, integráronse nos orixinais intervencións directas da editora, ausentes do texto orixinal, sempre sinaladas entre corchetes ou en notas engadidas a pe de páxina; cando unha persoa

<sup>18</sup> Péret xa escribira con anterioridade outro texto sobre Granell para a exposición individual que este realizou en Guatemala en decembro de 1946 (cfr. cartas n.ºs 3, 4 e 5).

<sup>19</sup> Antes da súa edición nestas obras completas, realizada grazas á colaboración de Granell, algunhas das cartas de Péret xa foran obxecto de publicacións illadas en tradución francesa, así por exemplo no libro de Jean-Michel Goutier (1982), *Benjamin Péret*, ou na revista surrealista parisina *Ellebore* (1984) (*Eugenio Granell* 1994: 277, 321, 386). Nas obras completas de Péret, as cartas a Granell non aparecen como un corpus illado, senón integradas nunha edición cronolóxica da correspondencia xeral do autor, excepto unha, a n.º 9, que non aparece no volume da correspondencia, senón no volume dos textos políticos; certas traducións presentan algúns erros de transcripción e comprensión do orixinal. As referencias son as seguintes: Péret (1989: 268-9, 1995: 366, 374, 386-8, 389-90, 414-5, 419, 426-7, 431-2, 435, 436-7, 439-40, 454-5, 465-6).

<sup>20</sup> Así, por exemplo, a carta n.º 6 foi reproducida en *E. Granell* (1989: 32), e a carta n.º 9 en *Eugenio Granell. Exposición antolóxica. 1949-1990* (1991: 88).

<sup>21</sup> Mantense sen embargo a puntuación non normativa cando corresponde a un uso persoal e reiterado dos signos por parte do autor.

ou lugar precisa dunha explicación, e aparece máis dunha vez na correspondencia, só se inclúe unha nota aclaratoria na súa primeira cita.

Nos orixinais de Péret, as intervencións no texto tentaron non desvirtuar todo o sabor do seu flutuante español; corrixíronse aqueles erros ortográficos que non aportaban ningún matiz lingüístico notable e que podían, ao contrario, entorpecer a comprensión. Mantivéronse, sen embargo, os calcos semánticos ou sintácticos do francés e as interferencias do portugués, así como as diferentes grafías dunha mesma palabra<sup>22</sup>, trazos todos eles que nos achegan unha idea moi viva do español falado polo escritor surrealista; tal decisión conlevou outra, a de non indicar os numerosos desvíos normativos por medio de [*sic*], pois a súa inclusión no texto quebraría a espontaneidade da *lingua franca* de Péret<sup>23</sup>. Do mesmo xeito, e por non ser esta unha edición facsimilar, non se sinalan raiados nin riscados. En canto aos orixinais de Granell, cómpre sinalar que o feito de seren copias ou borradores dos envíos efectivamente realizados explica que os textos transcritos non estean asinados.

## RELACIÓN DE CARTAS POR AUTOR

### Cartas de Benjamin Péret a Eugenio Granell

México, 9 de agosto de 1942  
[México] 15 nov[iembre] 1946  
[México] 28 de nov[iembre] 1946  
Paris, 12 de diciembre de 1952  
Paris 24 janvier 1953 [24 de xaneiro de 1953]  
Paris 30 de agosto de 1954  
s. l. / s. d. [París, entre finais de setembro e outubro de 1954]  
Paris 2 mai 1955 [2 de maio de 1955]  
São Paulo, 7 juillet 1955 [7 de xullo de 1955]  
Rio de Janeiro 9 de setembro [19]55  
Rio 29 de nov[iembre] de 1955  
Rio 19 de diciembre de 1955  
Rio de Janeiro 20 de dic[iembre] 1955  
Rio 25 de enero de 1956  
Saint-Cirq-Lapopie 13 août 1956 [13 de agosto de 1956]  
Paris 19 nov[iembre] 1957.

### Carta e borradores de Eugenio Granell a Benjamin Péret

Ciudad Trujillo, 21 de agosto 1945  
Guat[emala], 12-XII-[19]46 [carta]  
Río Piedras, 13 octubre, 1953

---

<sup>22</sup> Así, por exemplo, os galicismos *parafrase*, *question*, *burdel* como sinónimo de desorde, ou os calcos do portugués *antigos*, *cà* ou *afogado*, así como a dobre grafía *México* / *Méjico* nunha mesma carta, a n.º 6.

<sup>23</sup> No caso de Granell sinalamos excepcionalmente algún caso non normativo.

Río Piedras, 14 octubre 1953  
 Río Piedras, 13 de septiembre de 1954  
 Río Piedras 29 octubre 1954  
 Río Piedras, 28 febrero 1955  
 Río Piedras, 6 de marzo de 1955  
 [Río Piedras] 23 de agosto de 1955  
 Río Piedras, 19 de enero de 1956  
 Nueva York, 25 de septiembre de 1956  
 Nueva York, 15 de noviembre de 1956  
 Nueva York, 4 de enero de 1957  
 [Río Piedras] 9 de noviembre de 1957  
 Nueva York, 15 de septiembre de 1959.

[1]

México, 9 de agosto de 1942

Estimado camarada,

Creo que nos hemos conocido en Madrid, a principios de la guerra, en 1936<sup>24</sup>. De todos modos Julián Gorkin<sup>25</sup> y Victor Serge<sup>26</sup> me dirigen a ti, además Manuel Martínez<sup>27</sup> podrá hablarte de mí.

<sup>24</sup> Péret confunde as cidades, pois foi en Barcelona onde tivo lugar o encontro con Granell.

<sup>25</sup> Julián Gómez García (1901, Benifairó de les Valls, Valencia-1987, París). Membro do Comité Executivo do POUM, dirixiu *La Batalla*, xornal da organización. Detido e condenado a raíz dos Sucesos de Maio de 1937 en Barcelona, exiliouse ao final da guerra; residía en México a comezos dos anos corenta (Rubio Cabeza 1987: 1, 386-7).

<sup>26</sup> Victor Lvovitch Kibalchich (1890-1947). Intelectual trotskista disidente, naceu en Bélxica, nunha familia de exiliados rusos, e faleceu en México, país a onde chegou como refuxiado (PÉRET 1989: 382). El e o seu fillo Vlady mantiveron unha estreita relación de amizade cos Granell: «Victor Serge además se quedó como un año en la isla [República Dominicana], donde fue muy perseguido por los estalinistas españoles [...] Serge era un hombre muy afectivo. Conocía muy bien la vida española y la historia de nuestro movimiento obrero. Hablaba algo de español. Había sido tipógrafo en una imprenta anarquista de Cataluña. En Santo Domingo, se pasaba la vida escribiendo. Vivía en otro piso de nuestra misma casa» (Bonet 1988: 142).

<sup>27</sup> Manuel Fernández Grandizo y Martínez, «Munis» (1911, México - 1989, París). Fillo de emigrantes españois, naceu en México. Estudante en España na súa xuventude, militou en Oposición de Izquierda; na guerra civil, as súas actividades foron múltiples: transporte de armas, fronte de Madrid, organización de grupos, edición... Trotskista, nunca entrou no POUM. A comezos de 1939, estando preso en Cataluña, consegue evadirse cara a México, onde dirixirá o Grupo Trotskista Español de México; xa en Francia, prodúcese a ruptura da súa tendencia coa 4ª Internacional en 1948, formando xunto a Péret, amigo persoal, e outros militantes o GCI (Grupo Comunista Internacionalista). Detido en 1952 en España, onde entrara ilegalmente, por actividades subversivas, saíu do cárcere en 1957, marchando a Francia, onde creará xunto a Péret e Jaime Fernández (cfr. carta n.º 7), entre outros, o FOR (Fomento Obrero Revolucionario) (Péret 1989: 378, Préván 1999: 66-7).



Deseo pedirte un favor. Estoy trabajando en una antología de mitos, leyendas y cuentos populares de América. Desgraciadamente en México no hay nada sobre las Antillas. Busco no sólo mitos de los antiguos caribes sino también leyendas y cuentos populares de los negros actuales<sup>28</sup>.

¿Puedes enviarme todo lo que puedas encontrar como documentos sobre esto? Naturalmente te reembolsaré los gastos que tengas que hacer para ello, ya se trate de copias de textos que se encuentren en obras agotadas, ya de compras de libros, pero es necesario que sea en español o en francés porque no conozco otras lenguas.

Dándote las gracias anticipadas, se despide cordialmente de ti

Benjamin Péret<sup>29</sup>

Gabino Barreda 18, casa 5 - México-D.F.<sup>30</sup>

[2]

Ciudad Trujillo, 21 agosto 1945  
Sr. Dn. Benjamín Péret

Estimado amigo: Siempre quise tener correspondencia contigo y no sé por qué azar no ha sido posible. Ni siquiera he vuelto a saber si por fin recibiste los apuntes relativos a viejas leyendas dominicanas por los que te interesaste y te remití en dos ocasiones, suponiendo que la primera no habían llegado a tus manos. ¿Se publicó al fin tu libro sobre los mitos? En todo caso, aquí no he visto en librerías ni un solo ejemplar. Sí vi, en cambio, y de esto hace ya muchos meses —mayo de 1944— un fragmento del libro entonces en preparación, publicado en “El Hijo Pródigo”<sup>31</sup>, aunque me sorprendió no volver a verte como colaborador en dicha excelente revista.

---

<sup>28</sup> Esta antoloxía será editada postumamente, en 1960: *Anthologie des mythes, légendes et contes populaires d'Amérique*, Paris: Albin Michel. Malia a colaboración entusiasta de Granell, quen lle remitiu por dúas veces a Péret documentación sobre o tema (cfr. borrador n.º 2), este nunca chegou a recibir os envíos, interceptados con toda certeza pola censura; tal é cando menos a opinión de Péret (cfr. carta n.º 6). Granell non foi o único correspondente ao que Péret se dirixiu co fin de documentarse para a súa antoloxía; así, sabemos que tamén escribiu en 1942 dende México a Kurt Seligmann, daquela en Nova York, solicitándolle material sobre os Estados Unidos, Alaska e Canadá (Sawin 1989: 84), e a Livio Xavier, en Río, bibliografía sobre as lendas dos indios do Brasil (Péret 1989: 59).

<sup>29</sup> A sinatura autógrafa, en tinta vermella, precede ao nome mecanografado.

<sup>30</sup> O pintor, escultor e escenógrafo mexicano Gunther Gerzso (1915-2000) recreou nun óleo de 1944, «Los días de la calle de Gabino Barreda», o círculo de artistas vencellado ao mítico enderezo. No cadro incluíu, ademais do seu autorretrato, os retratos de Leonora Carrington, Remedios Varo, Esteban Francés e Benjamin Péret (*El Surrealismo entre viejo y nuevo mundo* 1989: 174).

<sup>31</sup> *El Hijo Pródigo. Revista literaria*. Creada en México por Octavio G. Barreda (42 entregas entre 1943 e 1946). Péret publicou efectivamente no n.º 14 desta revista, correspondente a maio de 1944, un fragmento de *La Parole est à Péret*, baixo o título «Los mitos», en tradución ao español de

Te escribo a propósito de “colaboraciones”. Aquí hacemos una modesta revista, “La Poesía Sorprendida”<sup>32</sup>, un grupo de amigos. Hemos publicado ya bastante de la poesía universal más avanzada. Los grupos surrealistas de Chile nos han enviado abundante material. Estamos en contacto con Colombia, México, Cuba, Estados Unidos, Nicaragua y otros países. La revista no sé si la conoces. Con esta fecha te envío, aparte, varios ejemplares, aunque cada vez te hemos enviado desde el segundo número. Ojalá el celo estúpido de la censura no haya sido, además de estúpido, totalitario. De Jorge Guillén —el español— hemos publicado, además de colaboraciones, un cuaderno exclusivo; lo mismo que de Jorge Rojas<sup>33</sup>, el colombiano. Cada número de “La Poesía Sorprendida” va acompañado de un cuaderno individual. Hay otro del chileno Baeza Flores<sup>34</sup>, ahora se halla en Cuba. Otro mío, y otros de excelentes poetas jóvenes dominicanos<sup>35</sup>. Es un movimiento de extraordinario valor, juventud y bríos. Por eso sorprendió, según creemos, en muchos círculos hispanoamericanos que de pronto recibieron “La Poesía Sorprendida” de aquí.

Nos gustaría muchísimo que quisieses colaborar con nosotros. Podrías, si quieres, enviarnos poesía o prosa, ensayo, crítica o lo que quieras. Hemos hecho traducciones de un número de “La Révolution surréaliste”, entre las cuales hay trabajos tuyos. En el próximo número publicaremos uno de ellos. Tengo un solo ejemplar —tesoro— de “Minotauro” (portada de ese Minotauro Don Juan de Magritte), y hay en él tu artículo “La nature dévore le progrès et le dépasse”, así como la reproducción de un cuadro de Remedios, “Le désir”<sup>36</sup>. Si Remedios quisiese enviarnos un dibujo, para publicar, tu misión sería entonces absolutamente perfecta.

Hace poco pasó por aquí un “dealer” francés: Pierre Loeb<sup>37</sup>. Me dio noticia de una revista surrealista mexicana: “DYN”<sup>38</sup>, ¿No podrías indicarme cómo diablos puede conseguirse?

---

César Moro (Péret 1944: 110-9). O texto de *La Parole est à Péret*, lixeiramente aumentado, converterase na introdución da póstuma *Anthologie des mythes, légendes et contes populaires d'Amérique* anteriormente citada.

<sup>32</sup> Editáronse 21 números de «La Poesía Sorprendida», de outubro de 1943 a maio de 1947. Co mesmo formato publicouse unha colección de cadernos de poesía e narrativa (Molina 1998: 13-21). Existe facsimilar, publicado en 1973 en Santo Domingo (Granell: 1998: 441, en nota).

<sup>33</sup> Jorge Rojas (1911-1995), poeta colombiano; promoveu, xunto a autores como Eduardo Carranza ou Arturo Camacho, o movemento poético «Piedra y Cielo».

<sup>34</sup> Alberto Baeza Flores (1914-1998). Escritor chileno, naceu en Santiago e faleceu en Miami; a súa vida nómade fíxose, entre outros lugares, en Cuba, República Dominicana, Costa Rica ou España. «Uno de los artífices de *La Poesía Sorprendida* [...] entonces era cónsul de su país en Santo Domingo» (Bonet 1988: 143).

<sup>35</sup> Entre os cadernos editados figuran efectivamente: *Homenaje a Jorge Guillén. Tercer Cántico* (1944), Jorge Rojas, *Parábola del nuevo mundo* (1945), Alberto Baeza Flores, *Carta marina a una niña perdida en la tierra* (1945) e Eugenio Fernández Granell, *El hombre verde* (1944).

<sup>36</sup> *Minotaure* 10, inverno 1937. O texto de Péret (1995: 38-39), frecuentemente citado por Granell, inspirou o título dunha das obras expostas en París en 1954, a n.º 6 do catálogo: «La forêt dévore le progrès et le dépasse» (*E. Granell* 1989: 30). «Le désir» é unha obra de Remedios Varo.

<sup>37</sup> Marchante moi influínte no mundo da arte contemporánea; a súa galería parisiense, a «Galerie Pierre» (1927-1963), sita na Rue des Beaux-Arts, foi un punto de referencia para a vangarda artística. Durante a súa estancia en Ciudad Trujillo, Granell realizoulle unha entrevista, publicada en *La Nación*: «Las Antillas son el nexo de unión entre el viejo y el nuevo mundo» (*Eugenio Granell* 1994: 378).

<sup>38</sup> Revista editada en México por Wolfgang Paalen, en estreita colaboración con Gordon Onslow-Ford. Publicáronse seis números, un deles dobre, entre 1942 e 1944. As linguas da revista eran o francés e o inglés (*El Surrealismo entre viejo y nuevo mundo* 1989: 65, 108).

Leí el largo ensayo de Juan Larrea en “Cuadernos Americanos”<sup>39</sup>. ¿Conoces a Larrea? Por cierto, hay una gran coincidencia, en muchas de sus apreciaciones, entre él y Herbert Read, el inglés; no sé si es ahí conocido su libro “The politics of the unpolitical”<sup>40</sup>.

Te mando una breve nota que hice sobre tí en la sección LAS ARTES, del periódico en el cual trabajo<sup>41</sup>.

Mi dirección es: Calle Wenceslao Álvarez, 18. Ciudad Trujillo.

R.D.-- /Ojalá me escribas/

Saludos a Remedios, a quien sólo conozco... de reproducciones

[3]

[México] 15 nov. 1946

Estimado amigo,

Estoy naturalmente a su disposición para hacer el prefacio de su catálogo, pero para eso necesito que Vd. me envíe unas 8 o 10 fotos de sus cuadros, porque las dos que Vd. juntó a su carta del día 13 son insuficientes para que yo me pueda formar una idea exacta de su pintura<sup>42</sup>.

Aprovecho esta para pedirle que me excuse de no haber contestado a la carta que Vd. me mandó hace tiempo por intermedio de Costa<sup>43</sup>. Cayó en un momento de grandes complicaciones. Espero que después de Guatemala Vd. pasará por aquí y que tendré el gusto de ver su pintura. Además, aquí le será fácil hacer una nueva exposición, que será seguramente más provechosa que en Guatemala, visto que hay más público en México.

Un abrazo de  
Benjamin Péret

Gabino Barreda 18 - 5  
México - D.F.

---

<sup>39</sup> Juan Larrea, «El Surrealismo entre Viejo y Nuevo Mundo», *Cuadernos Americanos*, México, 1944.

<sup>40</sup> Herbert Read (1893-1968), poeta, crítico e ensaísta británico; de ideoloxía anarquista e pacifista, tratou nos seus escritos de arte, educación, filosofía ou literatura. *The Politics of the Unpolitical* foi publicado en 1943.

<sup>41</sup> *La Nación*.

<sup>42</sup> Péret redactou efectivamente o prefacio para o catálogo da exposición individual que Granell realizou na Sala Británica de Guatemala en decembro de 1946 (cfr. cartas n.ºs 4 e 5).

<sup>43</sup> Costa é un dos pseudónimos de Jaime Fernández, militante trotskista e curmán de Granell (cfr. carta n.º 7).

[4]

[México] 28 nov. 1946

Querido amigo.

Junto con estas tres palabras Vd. encontrará algunas líneas para su exposición, la brevedad del tiempo no me ha permitido escribir algo mejor y más detallado. Ruégole que lo traduzca al español porque 1º lo hará mejor que yo y 2º me parece indispensable que no sea impreso en francés<sup>44</sup>.

Puede invitar de mi parte al Dr. Medioni, ministro de Francia, y a su esposa<sup>45</sup>. Ambos se interesan por la pintura.

Si Vd. quiere hacer una exposición aquí, puedo hablar a las galerías de México. Son dos y sin duda conseguiré que una le abra sus puertas.

Buena suerte y hasta pronto sus noticias. Un abrazo de

Benjamin Péret

[5]

Guat. 12-XII-46  
Sr. Dn. Benjamin Péret

Querido amigo: Le agradezco mucho su bello prefacio y la prontitud con que me lo mandó: La exposición está abierta desde anteayer y asiste mucho público. La prensa se viene ocupando de ella con mucha amplitud y he vendido dos cuadros.

Según su indicación, invité especialmente a Mr. Gilberto Medioni —que acababa de regresar de un viaje al extranjero—; pero no tuve aún el gusto de conocerlo ni sé si estuvo en la exposición.

Desde luego me interesaría hacer una exposición en México, aunque ignoro completamente en qué condiciones se hacen en ese medio. Pero ya que Vd. es tan amable ofreciéndose a molestarse para estas gestiones, acepto encantado su interés y espero sus noticias.

Creo —aún no confiando mucho— que por fin tendré fotos buenas. Tan pronto estén se las enviaré a Vd.

Le repito mi agradecimiento y mi amistad. Reciba un abrazo de su amigo

<sup>44</sup> No arquivo Granell consérvase o texto en lingua francesa, mecanografado e con correccións manuscritas, que Péret axuntou ao envío desta carta (Péret 1992: 308). Tal e como o autor desexaba, este prefacio, datado como a carta o 28 de novembro de 1946 en México, publicouse en tradución española no catálogo da exposición de decembro de 1946.

<sup>45</sup> Gilberto Medioni, embaixador de Francia (1944-1947) para a «Rexión Centroamérica», na que a diplomacia gala incluía daquela as Repúblicas de Guatemala, Nicaragua, Costa Rica, Salvador e Honduras.

Eug. F. Granell

Dígame si le interesa algún catálogo más, pues puedo enviarle cuantos necesite  
Gr.

[6]

Paris, 12 de diciembre de 1952

Benjamin Péret  
17 rue GRAMME  
Paris - XV

Amigo Granell,

Tengo tu carta del 24 de noviembre<sup>46</sup>. No contesté antes porque estábamos preparando la inauguración de una galería<sup>47</sup>. No sé si los amigos te enviaron la invitación para la inauguración, ni tampoco si Breton te escribió para pedirte cuadros. Sé que era su intención y por eso lo hago en su lugar. Sería bueno que enviaras 3 o 4 cuadros pequeños (la galería es pequeña y se necesita representar el mayor número posible de pinturas) o “gouaches”. Envíalos directamente a Breton, indicándole precios de venta. Además se está haciendo un boletín que vas a recibir puesto que he dado tu dirección al amigo encargado de los envíos<sup>48</sup>. Además se está preparando también aquí una revista La mante surréaliste<sup>49</sup> que saldrá cada dos meses, a partir de fines de enero.

Con mucho gusto te enviaría mis escritos, pero desde que llegué de México, sólo publiqué un libro en edición de lujo y el editor me regaló generosamente un ejemplar<sup>50</sup>. Salvo eso sólo publiqué artículos en Combat (1950) y en Arts<sup>51</sup>, pero acabo de dimitir de Arts con toda la redacción. Este periódico va volver a lo que antes era: un boletín de “marchands de tableaux”<sup>52</sup>. No sé si pudiste leer lo que escribí en Arts pero desgraciadamente no puedo enviarte más los periódicos en que aparecieron artículos míos puesto que no tengo más entrada en el periódico<sup>53</sup>. Está por publicar —pero otra vez en edición de lujo— un poema mío sobre

<sup>46</sup> Non se conserva o borrador. A familia Granell reside en Porto Rico dende xaneiro de 1950 (González Lamela 1999: 189, 192).

<sup>47</sup> Trátase de L'Étoile scellée, inaugurada o 5 de decembro de 1952 cunha exposición colectiva. A primeira individual da galería, situada no número 11 da rúa Pré-aux-Clercs, foi de Simon Hantaï, do 23 de xaneiro ao 10 de febreiro de 1953 (Mabin 2008: 295-6).

<sup>48</sup> O boletín *Médium, informations surréalistes* publicouse de novembro de 1952 a xuño de 1953 na editorial Arcanes; dirixido por Jean Schuster, o seu obxectivo era informar das actividades internacionais do movemento. Logo dunha interrupción, reapareceu como revista baixo o título *Médium. Communication surréaliste*, dende novembro de 1953 ata xaneiro de 1955 (Clébert 1996: 377).

<sup>49</sup> Proxecto que finalmente non verá a luz. Probablemente a reconversión de *Médium*, que pasa de boletín a revista, veña en certa maneira ocupar o seu lugar (Polizzotti 1999: 664-5).

<sup>50</sup> *La brebis galante* (1949), Paris: Éditions Premières, con augafortes e debuxos de Max Ernst.

<sup>51</sup> Cfr. Péret 1995: 153-64 (Artigos en *Arts*), 191-203 (Artigos en *Combat*).

<sup>52</sup> Marchantes.

<sup>53</sup> No Arquivo Granell consérvanse cinco artigos de Péret publicados en *Arts*, xunto a outro recorte do mesmo semanario no que Péret participa nunha mesa redonda sobre a actualidade política;

Méjico y en la primavera voy publicar la traducción de un texto maya El libro de Chilam Balam de Chumayel<sup>54</sup>. Por el momento, es todo. Pero supongo que galería, revista y boletín van hacer surgir nuevas posibilidades.

Sí, la historia con el estalinismo fue bastante seria. Protesté en Arts contra la presencia del asesino Siqueiros en la exposición de arte mexicano<sup>55</sup>, lo que armó un revuelo de los mil demonios en varios países de América, empezando, claro está, por México. Siqueiros me amenazó con un proceso, pero no se atrevió porque está seguro de perder, la evidencia estando de mi lado. En cuanto al cabrón de Rivera, no lo he olvidado en el boletín (n.º 2)<sup>56</sup>.

Me parece muy buena la idea de la revista Isla<sup>57</sup>. Creo yo más importante que salga esta revista en Puerto Rico que una ayuda tuya a las publicaciones eventuales aquí. El dinero de que dispones sería de poca importancia aquí a causa de los precios elevadísimos de Francia. Este miserable boletín vale más de 10.000 francos. Si no hubiera un editor para pagar los gastos de la revista no sería posible puesto que va a salir a 300.000 fr. cada número. Además me parece muy importante que salga una revista de lengua española.

Los documentos de Santo Domingo no los recibí nunca. Se habrán perdido en la cesta de papeles de algún cabrón censor gringo. Este trabajo sobre mitos está parado porque las necesidades inmediatas de la vida me impiden proseguirlo. No sé cuando podré acabarlo porque necesito varios meses de desahogo para esto. Sin embargo, si hay en Puerto Rico recuerdos de mitos primitivos o cuentos populares que no sean evidentemente de importación europea, te agradecería que me los mandarás. ¿Habría recopilación de tales cuentos o leyendas?

Otra cosa: Hay unos cuantos camaradas políticos que han vuelto a España para crear de nuevo un movimiento revolucionario, partiendo de la crítica de la revolución española y de la actuación de las organizaciones obreras en ella. Tienen acogida estupenda pero les faltan medios. Necesitan una ayuda mensual durante un año por lo menos. ¿Puedes ayudar un poco y coleccionar algún dinero regularmente? En eso está metido tu primo Jaime<sup>58</sup>.

Espero que ahora podamos conservar el contacto. Fuertes abrazos

Benjamin Péret

catro recortes están datados entre abril e novembro de 1952, o quinto é probablemente de febreiro de 1957.

<sup>54</sup> *Air mexicain* (1952), París: Arcanes, con litografías de Rufino Tamayo. *Livre de Chilám Balam de Chumayel* (1955), París: Denoël, traducción e presentación de Benjamin Péret.

<sup>55</sup> Péret alude sen dúbida ao artigo «Est-ce seulement un peintre?» (*Arts*, 16 novembre 1951), anterior á inauguración da gran exposición de arte mexicana, que se celebrou no Musée d'Art Moderne en París, na primavera de 1952. Nun artigo posterior, no que comenta a exposición, Péret atacaba novamente a Siqueiros («L'exposition d'art mexicain», *Arts*, 22-5-1952).

<sup>56</sup> No texto «Beaucoup de bruit pour rien», *Médium, informations surréalistes*, n.º 2 (décembre 1952).

<sup>57</sup> Proxecto finalmente frustrado.

<sup>58</sup> Este intento de creación dunha organización revolucionaria en España foi promovida dende Francia polo GCI (Grupo Comunista Internacionalista de España), ao que pertencía Péret, xunto a Munis e a Jaime Fernández, curmán de Granell. A de Granell non foi a única carta escrita por Péret nos últimos meses de 1952 para sufragar os gastos dos clandestinos (Péret 1995: 385-6). O que Péret aínda descoñece é que a operación xa fracasara, pois a rede fora detida en España o día 10 dese mesmo mes de decembro (Prévan 1999: 79). Este asunto aparecerá novamente tratado na correspondencia posterior: Cfr. cartas n.ºs 7, 9 e o borrador n.º 10.

[7]<sup>59</sup>

Paris 24 janvier 1953

Mon cher Granell.

Une mauvaise nouvelle : Ton cousin Jaime est arrêté. Je ne sais pas encore si sa véritable identité est connue. En tout cas si l'affaire de l'Alcázar vient sur le tapis, il est foutu<sup>60</sup>. On me dit d'Espagne qu'il est possible d'acheter le juge d'instruction. Le plus tôt sera le mieux, mais il faut de l'argent. Peux-tu trouver autour de toi quelque chose pour lui. J'oubliais de dire aussi que Munis est également arrêté en Espagne. Il faut également l'aider. Mais pour l'un comme pour l'autre il faut être très prudent afin que la police franquiste n'apprenne pas qu'elle les tient sous un autre nom<sup>61</sup>. Je compte sur toi

Fraternellement  
Benjamin Péret  
17 rue GRAMME  
Paris XV

---

<sup>59</sup> «París 24 xaneiro 1953. / Querido Granell. / Unha mala nova: O teu curmán Jaime foi detido. Non sei aínda se se coñece a súa verdadeira identidade. De todos os xeitos, se o asunto do Alcázar sae a colación, está perdido. Dinme dende España que é posible comprar ao xuíz de instrución. Canto antes mellor, mais precísase diñeiro. Podes atopar en torno a ti algo para el? Esquecía dicirche que Munis tamén foi detido en España. Tamén hai que axudalo. Mais tanto para o un como para o outro cómpre ser moi prudente a fin de que a policía franquista non descubra que os ten arrestados baixo un nome falso. Conto contigo / Fraternalmente / Benjamin Péret / 17 rue GRAMME / Paris XV».

<sup>60</sup> Jaime Fernández (1914, Ferrol - 1998, Barcelona). Militante do POUM, desertou en 1936 do Alcázar de Toledo, onde a guerra o sorprendeu cando cumpría o seu servizo militar, para unirse ao exército republicano (Péret 1989: 373). Encarcerado logo dos Sucesos de Maio de 1937 pola súa militancia poumista, evadiuse a Francia, onde tamén foi detido e encarcerado. Xunto a Munis e Péret creou o GCI, en ruptura coa IV Internacional; tamén pertenceu, xunto a eles, ao FOR ([www.fundanin.org](http://www.fundanin.org)).

<sup>61</sup> Munis e Fernández foron xulgados en 1954 e condenados a 10 e 8 anos de prisión respectivamente, ingresando ambos no penal de Santoña. A Jaime Fernández concedéuselle a liberdade provisional en 1956, e a Munis en 1957 (Prévan 1999: 81). Durante todos os anos que durou a detención de Munis e de Fernández, Péret mostrárase dunha gran lealdade cos seus camaradas, apoiando non só as iniciativas e os trámites legais da defensa dos prisioneiros, senón tamén facilitándolles na medida do posible a vida no cárcere, xestionando o envío de diñeiro e de todo tipo de produtos de primeira necesidade, tal e como se pode comprobar na abundante e moi regular correspondencia mantida con eles, especialmente con Munis (Péret 1995: 396-505). Estas detencións serán a causa dunhas viaxes semi-clandestinas que Péret realizou a España, en 1953 e en 1954, na procura de informacións ou contactos e como portador de axuda financeira (Prévan 1999: 78, 80), tal e como se reflicte na correspondencia con Granell (Cfr. carta n.º 9).

[8]

Río Piedras, 13 octubre, 1953

Sr. Benjamin Péret  
Paris

Querido Péret: Hace un siglo que no sé de ti. En realidad, lo poco que sé es por “Médium”, cuyo número de septiembre supongo que ya habrá salido y espero recibir de un momento a otro.

Ahora quiero presentarte por esta carta a una excelente amiga, la pintora Cossette Zeno<sup>62</sup>, que va a París para trabajar al menos durante un año. Ella tiene el mayor interés en conocer a los amigos surrealistas, y estoy seguro de que tu ayuda le será inapreciable, sobre todo durante los primeros días de su contacto con la ciudad.

Verás que es muy inteligente y cuando conozcas sus trabajos podrás comprobar igualmente el extraño interés que encierran.

Le di una carta para Breton y le rogué a Andrade<sup>63</sup> que la llevase a su casa, para presentársela. Cossette Zeno va becada por la Universidad de Puerto Rico, pero con toda libertad para pintar donde le plazca. Yo había pensado, sin embargo, que acaso le conviniese conocer a Toyen<sup>64</sup>, y no sé si tu podrás presentársela.

Mi “Isla” hubo de retrasarse. Pero, por fin, va a salir. Primero habíamos pensado en una publicación excesivamente costosa. Hubo que reducir tales aspiraciones y ahora saldrá con más modesta apariencia. Con todo, creo que tendrá interés y espero que su presentación sea buena. Pero una de las causas principales de su retraso se debe al hecho de que de París, por ejemplo, no he recibido ninguna colaboración. Ojalá te acuerdes, puedas y quieras tú hacer algo. Y hablar a los amigos para que nos presten su concurso.

Recibe un abrazo de

---

<sup>62</sup> Pintora orixinaria de Porto Rico, foi alumna de Eugenio Granell na Universidade de Río Piedras e formou parte do grupo «El Mirador Azul» (*O xogo dos espellos. Colección surrealista* 1996: 84).

<sup>63</sup> Juan Andrade Rodríguez (1898, Madrid - 1981, Madrid), membro da executiva do POUM. Foi detido logo dos Sucesos de Maio en Barcelona, logrando pasar a Francia, onde foi novamente encarcerado ata a súa liberación en 1944. Estableceuse no país galo ata o seu regreso a España en 1978 ([www.fundanin.org](http://www.fundanin.org)).

<sup>64</sup> Marie Cermínová (1902, Praga - 1980, París), Toyen, pintora de orixe checoslovaca, venciellada dende os seus comezos artísticos á vangarda europea e ás actividades do movemento surrealista; foi compañeira do tamén pintor checo Jindřich Styrsky e mantivo unha estreita relación de amizade con André Breton e con Benjamin Péret (Clébert 1996: 578-9, Vergine 1982: 283-5). «Era una persona muy natural, muy sencilla y muy simpática, aunque su vida era dura [...] Toyen vivía en otro piso del número 42 de la rue Fontaine donde tenían su domicilio Breton y Elisa» (Bonet 1988: 148).



[8 bis]

Río Piedras, 14 octubre 1953

A Benjamin Péret  
Paris.

